

XVII CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR) en PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO 2024

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	1/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. INTRODUCCIÓN

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa en que o alumnado da Universidade da Coruña ten a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadía de cooperación e que o traballo que desenvolva sexa validado con proxectos de fin de carreira, prácticas de materias ou traballos obrigatorios de fin de carreira. Ademais disto, a realización dun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario, como para a sociedade en xeral, xa que, á volta da estadía, se realizan charlas para dar a coñecer a experiencia.

A **Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña** abre a convocatoria a todo o estudantado desta universidade que estea interesado en participar en programas de accións de coñecemento da realidade. Mediante este programa procúrase un proceso de reflexión desde unha vertente práctica, para implicar as persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur global e no traballo que se leva a cabo desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

2. OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é seleccionar estudantes de estudos propios da UDC, de nivel de grao, mestrado e doutoramento da UDC para participar nun proxecto de coñecemento da realidade e levar a cabo un traballo de investigación e/ou acción-participación, que conte co apoio dunha ONGD, universidade ou institución ou calquera outro axente da cooperación que estea a desenvolver un proxecto de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña a súa correspondente contraparte ou socio local.

Os eidos de actuación dos PCR poderán ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación etc.) ou calquera outro (educación, desenvolvemento comunitario, empoderamento da muller, capacitación de técnicos locais etc.) En calquera caso, **é preciso contar co apoio do profesorado da UDC para validar curricularmente (proxecto de fin de carreira, traballo obrigatorio de materia, *practicum*, tese de doutoramento)** o traballo desenvolvido durante a estadía.

En caso de tratarse de prácticas externas (curriculares ou non curriculares) é de aplicación a Normativa de prácticas externas da UDC e a lexislación vixente.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	2/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado e ao corrente do pagamento no curso 2023/2024 en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da Universidade da Coruña no curso académico 2023/2024.
2. Os PCR deberán manter a condición de estudantes dalgunha das titulacións oficiais de grao ou posgrao que se imparten na Universidade da Coruña durante todo o curso 2023/2024.
3. Solicitar o PCR a través das canles habilitadas para o efecto e nos modelos habilitados para tal fin, presentando os anexos requiridos (segundo os anexos que figuran ao final desta convocatoria) que inclúa a carta de presentación asinada pola ONGD/universidade de destino. Será responsabilidade do/a solicitante establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas de visita e as actividades a realizar.

4. Perfil das entidades de destino.

A entidade de destino cumprirá algún dos seguintes perfís:

- ONGD ou Fundación española con sede no país de destino, onde desenvolve proxectos de Cooperación ao Desenvolvemento.
- Organización sen ánimo de lucro do país de destino, con fins relacionados co eido da cooperación ao desenvolvemento no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (o desenvolvemento comunitario, a loita contra a pobreza, a exclusión social, o acceso á saúde e a educación universal, etc.).
- Organización local contraparte dunha Universidade Pública do Sur con proxectos sociais. Quedan excluídas como entidade de destino as organizacións con ánimo de lucro e outras institucións sen fins sociais. Nas Universidades do Sur non se aceptarán proxectos académicos e de investigación.

5. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA

Os PCR que se leven a cabo terán unha duración mínima **de 30 días e máxima de 90 días**. O comezo deste proxecto terá que ter lugar desde a publicación da resolución definitiva desta convocatoria e até o día **3 de novembro de 2024**, sen superar nunca o período máximo establecido.

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	3/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



6. CONDICIÓN ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS

1. A contía total desta XVI convocatoria é de 7.000 euros, que se tramitarán con cargo á partida orzamentaria 090A 422D 48001 denominada «Axudas para a cooperación e desenvolvemento (OCV)», sen prexuízo de que esta cantidade inicial poida incrementarse segundo a dispoñibilidade orzamentaria. En función da calidade dos PCR presentados, as axudas poderán concederse a unha, a varias ou a ningunha das candidaturas presentadas. As axudas consistirán no seguinte:
 - **a viaxe á cidade/país de destino e o regreso a España**, ate un máximo de 1.700 €
 - **o seguro da viaxe que inclúa: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación do asegurado falecido, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía dun familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción dun familiar, desprazamento dun familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil, gastos de PCR durante a viaxe, prolongación da viaxe por cuarentena, cancelación por positivo antes da viaxe, enfermidade e responsabilidade civil, que, como mínimo, teña unha cobertura para enfermidade de 30.000 €).** O/a estudante será responsable de deixar na OCV un documento que acredite a contratación destes seguros e de que estes seguros cumpran os requisitos dos apartados anteriores.
 - **unha achega aos gastos derivados da manutención no país de destino.**
2. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
3. O aloxamento, a parte correspondente da manutención non cuberta pola axuda e os desprazamentos internos ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto, correrán a cargo da ONGD que ampara ao alumnado, da súa contraparte local ou do propio alumnado.
4. A estadía do alumnado poderase conceder con ou sen axudas de custo.

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	4/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



7. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS

- O aboamento da contía farase da seguinte forma:
 - Achegarase o 80 % da cantidade asignada no momento da resolución da convocatoria, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes.
 - Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto, momento en que se fará entrega do 20 % da axuda restante, a que se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes. Con anterioridade ao inicio da tramitación do pagamento, o/a alumno/a, deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.
- O incumprimento total ou parcial do que establece a presente convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro do percibido. Igualmente, no suposto recollido no punto 3, do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora que corresponder.
- O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou da súa xustificación insuficiente, levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no devandito artigo 33 da Lei 9/2007.
- As circunstancias de forza maior (enfermidade, positivo por covid, baixa, falecemento dun familiar de 1.º ou 2.º grao, alteracións da orde no país de destino etc.) non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada en caso de que non se realice a estadía. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e demais normas incluídas na presente convocatoria, poderase pospoñer a estadía, sempre de acordo coa institución de destino e sempre que se lle notifique o cambio á OCV.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A) Criterios de selección

As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes criterios de selección, que terán que estar **debidamente documentados** a través da entrega da **fotocopia** do certificado correspondente:

- Expediente académico (máx. 3 puntos) (as notas medias procedentes de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17).**

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	5/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- **Formación complementaria en cooperación ao desenvolvemento e en voluntariado social (máx. 4 puntos).**
 - Cursos presenciais de até 10 horas: 0,02 puntos por hora
 - Cursos presenciais de entre 11-20 horas: 0,05 puntos por hora
 - Cursos presenciais a partir de 21 horas: 0,1 puntos por hora
 - Cursos non presenciais: 0,01 puntos por hora cun máximo de 0,4 por curso.
- **Experiencia en voluntariado na OCV (máx. 3 puntos):** 0,2 por mes realizado ou 0,02 por hora de voluntariado.
- **Experiencia en voluntariado europeo, campos de traballo, actividades de voluntariado ou actividades de cooperación en ONGD (máx. 3 puntos):** 0,1 por mes realizado ou 0,01 por hora.
- **Entrevista persoal presencial (máx. 5 puntos)**
- **Recoñecemento curricular da estadia a través da carta do/a profesor/a (máx. 3 puntos)**
- **Pertinencia do proxecto en relación coa súa valoración académica (máx. 4 puntos)**
- **Priorizaranse as candidaturas adheridas a proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento nos que participe directamente a UDC e que contén con financiamento público. (máx. 5 puntos).**

B) Requisitos

1. Que o traballo que desenvolva a persoa solicitante no proxecto de cooperación ao desenvolvemento estea enmarcado curricularmente.
2. Que o proxecto se leva a cabo nos países en desenvolvemento enmarcados dentro do Plan director da Cooperación Galega (2023-2026) ou no Plan director da Cooperación Española (2018-2021).
3. Excepcionalmente, poderanse presentar proxectos que se desenvolvan na Fronteira Sur de Europa, relativos á temática de persoas inmigrantes e refuxiadas e con especial interese para a OCV.
4. Que o proxecto en que participe a persoa solicitante teña unha repercusión práctica, avaliable e cuantificable en termos de desenvolvemento dos seus destinatarios.
5. Que o obxectivo do proxecto en que participe a persoa solicitante estea dirixido a satisfacer directa ou indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas dos países en desenvolvemento ou na Fronteira Sur.
6. Que tanto o proxecto como a persoa solicitante e o responsable socio ou contraparte local carezan de ánimo de lucro.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	6/17
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



7. Que o proxecto conte cun socio ou contraparte no lugar da súa execución, que poderá ser tanto unha persoa física como xurídica, e que represente lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias. Valorarase especialmente a participación como contrapartes de universidades ou doutras institucións de investigación ou de ensino superior, aínda que tamén será posible a intervención como socias no país de destino de organizacións non gobernamentais, fundacións ou outras organizacións, sempre que carezan de ánimo de lucro e teñan unha certificada traxectoria como entidade.
8. Obter, pola súa conta, o visado necesario para o acceso e permanencia no país de destino durante o período de desfrute da axuda, así como respectar a lexislación correspondente en materia de visados.

C) Criterios de exclusión ou renuncia

1. Só se admitirá unha candidatura por persoa.
2. As persoas beneficiarias desta convocatoria nos dous anos anteriores non poderán solicitala en 2024.
3. As persoas interesadas deberá comunicar a súa renuncia á Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña. Tales renuncias poderán ser substituídas polas candidaturas incluídas na listaxe de reserva. No caso de que as axudas non poidan ser cubertas nin polos titulares nin polas reservas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.
4. Serán excluídas as candidaturas que non teñen ningún recoñecemento curricular por parte do profesorado da UDC.
5. A OCV resérvase o dereito de suspender a convocatoria ou anular algunha/s das axudas concedidas de producirse situacións ou fenómenos imprevisibles como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas, que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada

9. SOLICITUDE E RESOLUCIÓN E DATAS DE PRESENTACIÓN DAS AXUDAS

A) Prazo e modo de presentación da solicitude

O impreso para presentar as solicitudes está dispoñible na páxina web da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC: www.udc.gal/ocv.

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	7/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A solicitude presentarase a través do Rexistro electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares da Coruña (Local nº 1 (baixos) da Facultade de Ciencias no Campus da Zapateira) ou de Ferrol (Edificio de Usos Administrativos, Campus de Esteiro) en horario das 9:00 ás 14:00 h. A data límite para a entregar será o 10 de abril de 2024.

Tamén se poderá enviar a documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa. No caso de que a persoa solicitante utilice un rexistro diferente ao da propia UDC, **deberá informar á comisión** a través do correo electrónico ocv@udc.gal que foi realizado este trámite.

A solicitude de participación na convocatoria formalizarase nos ANEXO I (solicitude do alumnado), ANEXO II (currículo do alumno/a), ANEXO III (formulario do proxecto), ANEXO IV (carta de presentación da ONG/Universidade) e ANEXO V (datos da ONGD/Universidade). **A presentación da solicitude nun modelo distinto do establecido para a convocatoria, a manipulación dos documentos de formulación normalizados ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado á presente convocatoria, conducirá á exclusión e non avaliación da solicitude.**

B) Documentación que debe achegarse ao impreso de solicitude

A solicitude acompañarase dos seguintes documentos:

- Datos persoais e breve **currículo** da persoa solicitante. **ANEXO I**
- **Estimación orzamentaria do billete e do seguro da viaxe.**
- **Fotocopia** dos certificados correspondentes aos méritos que figuren no currículum.
- Resumo do **proxecto que se vai desenvolver** no país seleccionado, cos obxectivos, actividades e o cronograma detallado do PCR en que se vai participar. **ANEXO II.**
- Será **obligatoria** a inclusión dunha **carta dun/dunha profesor/a** da UDC, en que se reflicta o interese formativo do PCR, en que constarán as indicacións do recoñecemento curricular que poidan supoñer para o/a estudante (prácticas de materias, proxecto fin de carreira, traballo de materias, tese, etc.)
- **Carta de presentación** asinada pola ONGD ou universidade, en que expresará **claramente** o seu interese en que o alumnado realice o PCR, así como o seu compromiso **claro** de facerse cargo do aloxamento, manutención e desprazamentos internos no país se así o determina. **ANEXO III**

C) Prazos de resolución e adxudicación das axudas.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	8/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



Nun máximo de 20 días desde a fin do prazo de presentación das candidaturas, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social publicará a correspondente resolución. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias e das candidaturas incluídas na listaxe de reserva.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a OCV publicará na sede electrónica da UDC e na súa web (<http://www.udc.es/ocv>) a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que conta a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na páxina web da UDC.

10. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión encargada da valoración das solicitudes estará formada por:

- Ana Isabel Ares Pernas, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
- José Jesús Cendán Verdes, director da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- Lorena Rilo Pérez, técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado

11. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

1. Tras recibir o correo electrónico en que se notifique a aprobación da súa PCR por parte da UDC, as persoas candidatas deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia á axuda nun prazo de **cinco días naturais**.

2. A aceptación ou a renuncia realizarase a través do formulario elaborado para tal fin pola OCV e enviado por correo electrónico ás persoas interesadas no momento en que se lles comunica a concesión.

12. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS TRAS A ESTADÍA

1. A persoa bolsreira deberá participar activamente durante a súa estadía, e coa ferramenta electrónica que a OCV lle indique, para **difundir o seu traballo** mentres dure o PCR. A través desta ferramenta dixital, o alumnado comprométese a editar unicamente contidos referidos ao seu traballo coa ONG e/ou socio local.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	9/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



2. A persoa bolsreira deberá **realiza o curso presencial de formación específica** en proxectos de coñecemento da realidade organizado pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.
3. Cumprir coas normas sanitarias do país de entrada, de saída e dos países nos que se fagan as escalas correspondentes.
4. Nun período máximo de 10 días naturais tras a realización da estadía, a persoa beneficiaria da axuda PCR presentará na Oficina de Cooperación e Voluntariado a seguinte documentación:
 - a) A xustificación orixinal do desprazamento (preferentemente presentárase: factura do billete de avión e tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada, etc)
 - b) A xustificación orixinal da contratación do seguro de accidentes e enfermidade.
5. A continuación, nun prazo de 20 días naturais tras a estadía deberá entregar a seguinte documentación:
 - a) Un pequeno informe final sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que se lle facilitará pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.
 - b) Documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .JPG) e da súa participación no PCR.

En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo coa axuda facilitada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC, usando o logotipo correspondente.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC resérvase a posibilidade de editar materiais escritos ou dixitais co contido audiovisual entregado polas persoas bolsreiras unha vez finalizada a súa estadía. As persoas beneficiarias da axuda comprométese a ceder a propiedade de todo o material entregado á OCV como xustificación da estadía, que poderá facer uso deste para difundir a axuda en calquera formato, indicando sempre a autoría.

 - c) Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadía.
6. Participar nunha actividade de sensibilización que determinará a Oficina de Cooperación e Voluntariado, en que relatará a súa experiencia no terreo.

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas		Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións			Páxina	10/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



13. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder o as axudas de Proxectos de Coñecemento da Realidade. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada 30 naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirar esa resolución despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservanse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	11/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)

A Coruña, 15 de marzo de 2024

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	12/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I
DATOS E CURRÍCULO DO ALUMNADO

(En calquera das aliñas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)

1. BREVE CURRÍCULO DO ALUMNADO		
Datos persoais		
Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento:	Nacionalidade:	DNI/NIE:
Domicilio: rúa, número e piso	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono/s de contacto:	Enderezo de correo electrónico: @udc.gal	
Datos académicos		
Título académico		Curso actual
Cursos de formación específica		
Denominación do curso	Organismo, entidade ou centro	N.º de horas
Experiencia en voluntariado, campos de traballo, movementos sociais ou asociativos		
Idiomas		

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	13/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



ANEXO II FORMULARIO DO PROXECTO

(En calquera das alíneas deste impreso poderá empregarse máis espazo se for preciso)

1. FICHA DESCRIPTIVA DO PCR			
1.1. <i>Título do PCR</i>			
1.2. <i>DATOS DA ONG/UNIVERSIDADE COLABORADORA</i>			
Nome da ONG/Universidade colaboradora			
Persoa de contacto (Nome e apelidos)		Nº Rexistro Galego de Axentes de cooperación ou similar	
Páxina web			
Correo electrónico		Tel.	
		Fax	
Enderezo para os efectos de notificación			
1.3. <i>DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL</i>			
Nome da ONG/Universidade colaboradora			
Persoa de contacto (Nome e apelidos)			
Páxina web			
Correo electrónico		Tel.	
1.4. <i>BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO (DESCRIBA O PROXECTO EN CATRO OU CINCO LIÑAS)</i>			
1.5. <i>DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO</i>			
<i>Data de inicio</i>		<i>Data de finalización</i>	
1.6. <i>IMPORTE TOTAL SOLICITADO Á OCV</i>			
Concepto		Importe	
Billete de avión			
Seguro da viaxe			

Sinatura:

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	14/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	16/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO III
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD/Institución

Don/dona, _____, con DNI/Pasaporte
n.º _____ en calidade de _____, da
entidade _____,
con domicilio social en _____
cidade _____, código postal _____, CIF _____,
teléfono _____ fax _____, correo electrónico _____

Nome do proxecto _____.
País _____.

EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a responsabilidade de lle proporcionar ao voluntario ou voluntaria información sobre as normas de seguridade do país de destino (manual e outros documentos relevantes da ONGD); de se facer cargo do aloxamento (sexa nunha residencia, apartamento, familia acolledora ou en calquera outro que cumpra as condicións mínimas de seguridade); e dos desprazamentos internos no país de destino do/da voluntario/a.

Alén diso, tamén se compromete a manifestar que o PCR é financiado pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña, empregando o logotipo da entidade, no caso de facer calquera tipo de difusión desta axuda PCR.

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de don/dona _____
para participar no proxecto de coñecemento da realidade (PCR) en
_____ dentro do proxecto de cooperación denominado _____ que
desenvolve coa contraparte local _____.

_____, _____ de _____ de 2024
(sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	16/03/2024 06:14:14
Observacións		Páxina	17/17
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/deWlFTpTa97ivCezgAtOsA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

